

MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO DIRECTOR DE RECURSOS HUMANOS DA CRTVG DO 21 DE MAIO DE 2025 POLA QUE SE CONVOCA UNHA PROBA PARA A AMPLIACIÓN DE LISTAXES NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A DE SON

Modifícase a citada resolución nos seguintes termos:

No apartado 6.5, relativo ao procedemento de inscrición e listaxes de persoas admitidas e excluídas cómpre engadir o seguinte:

“As persoas que teñan acreditado un ano de experiencia laboral na mesma categoría na CRTVG ou teñan superado a fase de oposición dun proceso selectivo convocado para a categoría para o ingreso como persoal laboral fixo da CRTVG poderán acceder á realización das probas aínda que non figuren dentro do límite establecido para os expedientes con maior nota media.”

As persoas que xa teñan enviado a solicitude de participación non deberán enviala de novo sempre e cando teñan cuberto o Anexo III, no caso de ter que cubri-lo. Estas persoas conservarán o seu dereito a participación ao abeiro da solicitude xa enviada, sempre e cando cumpran cos requisitos establecidos na convocatoria.

O que se fai público e comunica ao tribunal para os efectos que procedan

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025


 **CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA**
Recursos Humanos

O director de RRHH da CRTVG

Víctor Tubío Villar